

## Pedras

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Pena da Vella de Covas*

Un pouco antes de chegar ao caladoiro do Porto da Cova que queda ao SO do cabo Prior, na parroquia de Covas, concello de Ferrol (A Coruña) tropezamos, mesmo á beira do camiño, coa Pena da Vella, curiosa formación rochosa que consta de tres penas, dúas que fan de apoio e unha terceira que encabalga sobre estas. Entre as tres enmarcan una pequena xanela pola que a vista se perde na inmensidade do mar.

Dia a tradición que as tres rochas que conforman o conxunto pétreo da Pena da Vella foron levadas ata aquel lugar por unha muller vella (antiga divindiade, moura, xiganta) da seguinte maneira; a que esta por enriba levouna na cabeza e as outras dúas debaixo de cada sobrazo. Non moi lonxe deste lugar hai referencia do topónimo Coto dos Mouros.



